

DECEMBRO
2025



III ENCONTRO DE CORAIS CON CONCERTO DE “PANXOLIÑAS DE NADAL”

O DOMINGO 21 ÁS 6´30 DA TARDE
NA IGREXA PARROQUIAL DE FORNELOS
EN COLABORACIÓN
CON CÁRITAS DE OS COTOS



ATENCIÓN DE CÁRITAS:

Dende cáritas de Os Cotos,
se podemos, axudamos
a quen nos pida unha man.
Estamos no local da casa
reitoral de Fornelos
o xoves día 11
de dez a doce da mañá.



238 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá


"Un contiño para vivir"

"Uns beléns na lembranza"



Conta cada debuxo.

Suman tanto como días ten decembro



definido polo papa Pío IX no ano 1854. É a patroa da facultade de farmacia. Adquiriu moita sona chagando no século XV a haber moitas capelas, ermidas e santuarios desta advocación. Carlos III ppropuxo que se declarase patroa de España. Grandes pintores como Murillo, Zurbarán, Velázquez, ou Ribera pintaron esta imaxe.

O SANTO PARA O MES
en decembro
o día 8:

INMA, INMACULADA

É un nome mariolóxico que fai referencia á grandeza de Santa María nai de Xesús.

O dogma da Inmaculada foi



“Honrarei o Nadal
no meu corazón
e procurarei conservalo
durante todo o ano”

Charles Dickens

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



6 de decembro: Día da Constitución



É un festivo nacional que rende homenaxe á Carta Magna de todos os españoles, onde se recollen seus dereitos e deberes, as liberdades, a organización do Estado e todas as garantías constitucionais.

A celebración do Día da Constitución ten un fondo político e histórico importante, xa que conmemora a consolidación da democracia do país, despois da ditadura franquista que durou 40 anos.

A primeira vez que se celebrou o Día da Constitución non foi no 1978. Houbo que esperar ao ano 1983 cando se decretou como festivo nacional.

As curiosidades da Constitución:

- Ten 169 artigos, 4 disposicións adicionais, 9 disposicións transitorias, polo tanto é un dos textos máis longos de Europa.
- A pesar de ter 40 anos, solo foi reformada dúas veces; unha para regular o voto estranxeiro e outra para a estabilidade presupostaria.

A constitución ten unha relación importante coa igrexa, principalmente a través do **artigo 16**, *que garante a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, asegurando que ningún pode ser discriminado pola súa relixión*, que ningunha confesión relixiosa ten carácter estatal, e que os poderes públicos colaborarán coas confesións existentes. Ademais establece que os pais teñen dereitos de que seus fillos reciban a formación relixiosa que consideren.



Unha panxoliña de Os Cotos

Xa chega o mes de decembro
xa se acerca o Nadal,
todo o mundo fai as compras
para festexar os nadaís.

Un día máis de ledicia
para xuntos desfrutar
e lembrar o nacemento
de quen naceu nun portal

Ben está a nosa ledicia,
ben está o noxo xantar
mais non é bo que esquezamos
aos que non teñen nin pan.

Por iso ás doce da noite
que o neno deus viu ao mundo
pidámoslle humildemente
con fe e con amor profundo.

Que esqueza os nosos erros
perdoe os nosos pecados
e teñamos máis lembranzas
para os que están desamparados.

Se isto o pedimos todos
de corazón e verdade
entón si que paga a pena
Festexar a Navidade

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE DECEMBRO

DÍA 7	LECTURA	Rom 15, 4-9	Entre a paciencia e o consolo ven a esperanza
	EVANXEO	Mt 3, 1-12	Xa chaga o Reino. Fagámolo mellor
DÍA 14	LECTURA	Sant 5, 7-10	Tede paciencia, collede folgos, El chegará
	EVANXEO	Mt 11, 2-11	Ide e contade a Boa Nova
DÍA 21	LECTURA	Is 7, 10-14	Dá á luz un fillo, e ponlle de nome Deus con nós
	EVANXEO	Mt 1, 18-24	Dará a luz un fillo, e ti poñeraslle de nome Xesús
DÍA 25	LECTURA	Is 52, 7-10	Mensaxeiros de Boas Novas
	EVANXEO	Lc 2, 1-14	Hoxe, na vila de Belén, naceunos un Salvador
DÍA 28	LECTURA	Col 3, 12-21	Vida familiar na presenza do Señor
	EVANXEO	Mt 2, 13-23	Despois de volver de Exipto quedan en Nazaret